

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O A ENTIDADE XUVENTUDE DE GALICIA – CENTRO GALEGO DE LISBOA (PORTUGAL), PARA OBRAS DE REFORMA DA EXPLANADA DIANTEIRA E DA RAMPLA LATERAL DA ENTIDADE

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, a Secretaría Xeral da Emigración, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa (Portugal), representada neste acto polo seu presidente, D. Jesús Luís Bescos Sinde, actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións favorecer e contribuír ao fortalecemento das

comunidades galegas, á eficacia da súa acción asociativa e ás súas actuacións a favor do conxunto das persoas galegas residentes nas áreas onde actúan, polo que procura contribuír a conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

CUARTO.- A entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa (Portugal), creada en 1908, é na actualidade a única entidade galega existente neste país, está rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten como obxecto principal a promoción de lazos culturais, sociais e económicos con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e a súa cultura.

A sede e as instalacións desta entidade están situadas dese 1988 nun magnífico pazo do século XIX situado na Rúa de Julio Andrade, 3, da cidade de Lisboa, da súa propiedade, grazas á doazón de Manuel Cordo Boullosa, importante industrial e financeiro galego afincado en Portugal, que exige un especial coidado e rigor no seu mantemento en tódolos seus aspectos.

Logo dun estudo de avaliación dos espazos circundantes do pazo, concretamente das explanadas dianteira, traseira e da rampla lateral que as une, cubertas con asfalto dentro da finca na que está construído, comprobouse que as pendentes de drenaxe están invertidas, o que fai que as augas pluviais se dirixan cara á edificación provocando importantes humidades persistentes en espazos interiores que dificultan a súa utilización. Unha vez efectuadas as obras de arranxo correspondentes á explanada traseira resulta urxente, antes de que cheguen as choivas do inverno, a reforma da explanada dianteira e da rampla lateral para poder cortar as humidades que están deteriorando dependencias do pazo. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo destas obras, que segundo os orzamentos presentados ascende a máis de 45.000 €.

QUINTO.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración extraordinaria coa entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa, que lle permita afrontar o custo das obras sinaladas no parágrafo anterior e que non pode facerse ao amparo da convocatoria anual ordinaria dada a necesidade urxente da súa execución.

SEXTO.- A urxencia e a necesidade de acometer a reparación da obras sinaladas, xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao amparo do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica en manter abertas as instalacións da entidade, para que poida continuar realizando as actividades e os servizos que presta aos seu socios e á colectividade galega do seu ámbito de actuación.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o

presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento das obras urxentes de reforma da explanada dianteira e da rampla lateral da sede da entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte e nove mil cincocentos euros (29.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

CUARTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

O importe librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.


QUINTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de decembro de 2022.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento da axuda efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados e o custo total das obras de reparación.

 - Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación (os gastos de persoal xustificáranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada un desempeña).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

 - Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo o pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- Certificado de Residencia Fiscal.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SIXTA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

SÉPTIMA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. A entidade Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa, comprométese a:

- Realizar as labores de contratación, dirección, coordinación ou intermediación, de ser o caso, ou cantas outras actuacións sexan precisas para levar a cabo as obras obxecto deste convenio.

- Executar as obras urxentes de reforma da explanada dianteira e da rampla lateral da sede da entidade subvencionadas ó amparo deste convenio.

- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega asentada no seu entorno, en particular sobre calquera actuación ou programa levado a cabo anualmente pola Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.

- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, e o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula segunda condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.


A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.


Está Comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RELACIÓN LABORAL

 A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

 A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As persoas asinantes do convenio prestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos que constan no convenio, e máis o resto das especificacións contidas nel, poidan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación deste convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración), serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula décima. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O presidente de Xuventude de Galicia -
Centro Galego de Lisboa,



Jesús Luís Descos Simde